



## TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

### Historia dos bens pictóricos III

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º pintura	Cuadrimestral	4 ECTS
Teórica		Curso 2019-2020	
Carmen Lage Veloso		carmenlage@edu.xunta.es	
Horario: 3 horas semanais no primeiro cuadrimestre			

### DESCRIPCIÓN DA MATERIA

A partir do Decreto 174/2015, do 29 de outubro polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais (DOG 30 de Novembro de 2015).

-Historia dos bens culturais da especialidade desde o punto de vista das súas características tipolóxicas, formais, técnicas e culturais.

-Metodoloxía de análise para a interpretación do ben cultural desde un enfoque teórico-práctico.

-Coñecemento dos principais repertorios da cultura visual da especialidade.

-Pautas para a elaboración de informes histórico-artísticos dos bens culturais da especialidade.

O culto á modernidade supuxo, entre outras cousas, tomar como modelo o paradigma do progreso científico e tecnolóxico e a súa mellora continua da civilización. Despois dos desastres bélicos e a barbarie do século XX, "o soño da razón", que comezou no século XVIII, entrou en crise e tivo lugar o final da vangarda heroica.

O programa abarca o desenvolvemento artístico de España ao longo do século XX no seu dobre aspecto: a traxectoria dos pintores españois no contexto da vangarda internacional e a realizada no interior do país. Achegámonos así á recepción da modernidade e á súa posta en crise mediante unha análise formal, estilística, sociolóxica e histórica das producións pictóricas.

### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.



### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerner ao patrimonio pictórico.
EP11	Investigar o patrimonio cultural pictórico dende o punto de vista histórico, das súas fontes documentais, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicadas a conservación-restauración dos bens culturais.

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Utilizar sistemas e métodos de investigación e análise sobre prácticas visuais contemporáneas para interpretar criticamente a produción cultural do noso tempo.

Acadar coñecementos teóricos básicos sobre os contidos da nosa cultura visual que nos permitan interpretar e comprender o discurso da arte actual desde unha perspectiva multidisciplinar. Aplicar os principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.

Documentar o ben pictórico do ámbito cronolóxico estudado, valorándoo e clasificándoo de maneira axeitada.

Desenvolver a capacidade de expresión oral e escrita a través dunha linguaxe científica e obxectiva que denota a asimilación da bibliografía consultada

### UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% no total da materia
<b>BLOQUE 1:</b>  Orixes e fundamentos da arte na Idade	<b>TEMA 1.1.</b> <b>As bases do Proxecto Moderno</b>	33 %



<p><b>Contemporánea</b></p>	<p>A Ilustración Lóxica, ética, estética. O neoclasicismo. O Filhelenismo e a transición ao Romanticismo. Novas categorías estéticas. Introducción á obra de Goya como referente artístico da modernidade.</p> <p><b>TEMA 1.2.</b></p> <p><b>O século XIX e os movementos artísticos ao final do século.</b></p> <p><b>1.2.1 Positivismo e idealismo.</b></p> <p>Positivismo e Revolución Industrial.</p> <p>O Romanticismo: concepto e discusión en relación co Neoclasicismo. Historicismo, idealismo e nacionalismo. A rebelión romántica como orixe da arte moderna. A invención da paisaxe.</p> <p><b>1.2.2 Realismo e Naturalismo.</b></p> <p>Realismo, fontes ideolóxicas e literarias. Contexto cultural: O nacemento da fotografía e a súa influencia na pintura. A transición ao naturalismo</p> <p><b>1.2.3 O rexeitamento do modelo académico.</b></p> <p>Impresionistas e postimpresionistas. Novas técnicas e novos temas. Baixo a influencia simbolista. Simbolistas e Nabis.</p> <p><b>TEMA 1.3</b></p> <p><b>Entre dous séculos</b></p> <p>O modernismo en España. A crisis do 98 e a cuestión da identidade. De Barcelona a París. Entre o modernismo e a vangarda: o <i>noucentisme</i>.</p>	
<p><b>BLOQUE 2:</b></p> <p><b>O Século XX. As Vangardas Históricas.</b></p>	<p><b>TEMA 2.1</b></p> <p><b>As primeiras vangardas.</b></p> <p>O fauvismo e a <i>joie de vivre</i>. O expresionismo. O cubismo e as súas consecuencias. O futurismo. O vorticismo. De Stijl, e o construtivismo revolucionario. A Vía Malèvitch. Manifestos, institucións e artistas. Interpretacións de Dadá: estilo e actitude. O azar como novo valor creativo. A Vía Duchamp. As achegas técnicas: ready-made, fotomontaxe, rayografía, merz. Arte e política. Surrealismo. Psicoanálise e fetichismo. Automatismos. L'object trouvé. O cadáver exquisito. Pintura e abstracción surrealista. Miró. Pintura e figuración surrealista. Dalí. Exposicións, manifestos e revistas. Renovación formal e vangarda en España. O "Ismos" e a "Nova Arte". Artistas españois en París. Os anos trinta. A Segunda República, a Guerra Civil e Guernica. A vangarda en Galicia.</p> <p><b>TEMA 2.2</b></p>	<p>33 %</p>



## **Tendencias artísticas a partir de 1945.**

A través das dúas grandes vías da arte do século XX, a vía da simplificación formal (vía Malèvitch) e a do obxecto (vía Duchamp), entendemos as diferentes propostas da segunda metade do século XX. A vangarda morre de éxito.

A cultura visual durante o primeiro franquismo: desde a posguerra e a autarquía ata o desenvolvemento dos 60. A recepción do maio do 68.

### **2.2.1**

#### **Tendencias expresionistas e matéricas.**

Expresionismo abstracto e Informalismo. . Xesto e materia: informalismo europeo. Michel Tapié e o Art autre. O xesto (Hans Hartung, Georges Mathieu). O material: Jean Fautrier, o Art Brut de Jean Dubuffet, os materiais e o novo enfoque de apoio (Alberto Burri e o espacialismo de Lucio Fontana). O Grupo COBRA. O contexto do Informalismo en España: Dau al Set (Antoni Tàpies) e El Paso: o signo (Antonio Saura, Rafael Canogar) e o tema (Luis Feito, Manuel Millares, Manuel Rivera, Lucio Muñoz). Museo de arte abstracto de Cuenca. O caso galego: O grupo Atlántica.

### **2.2.2**

#### **Cool art. Tendencias neoconcretas e tecnolóxicas**

Op art. Arte cinético-lumínico. Nova abstracción americana. Minimal Art. Eusebio Sempere. Pablo Palazuelo. Equipo 57

### **2.2.3**

#### **Tendencias neo-representativas ou neo-icónicas.**

Neofiguración Pop-Art (Neodadaísmo) Contexto internacional. España: os anos sesenta, dende o "desarrollismo" ata a protesta. Do realismo social de Estampa Popular ata os inicios do Pop co Equipo Crónica. Equipo Realidade. Eduardo Arroyo. Juan Genovés e o Grupo Hondo. Luís Gordillo. O caso de Antonio López

### **2.2.4**

#### **Novos comportamentos artísticos. Definición**

Arte obxectual; Land Art; Arte Povera; Body Art; Video-arte; Arte de acción: Happenings, Fluxus, Accionismo; Arte conceptual. A España dos setenta: os pioneiros da performance e da arte conceptual.



<p><b>BLOQUE 3:</b></p> <p><b>A crise da Modernidade.</b></p>	<p><b>3.1 .</b></p> <p><b>A Postmodernidade</b></p> <p>A teoría crítica da escola de Frankfurt: Benjamin e Adorno. A influencia do pensamento postestructuralista francés: Lyotard, Lacan, Foucault, Barthes, Derrida e Baudrillard. O pensiro débole de Vattimo.</p> <p><b>3.2</b></p> <p><b>A posmodernidade en Europa.</b></p> <p>Neoexpresionismo alemán. Transvanguardia italiana. A arte española dos anos 80. A recuperación da "pintura-pintura" e da "nova figuración madrileña". Os anos oitenta da Movida. A extensión de linguaxes e soportes: fotografía experimental, instalacións, vídeo-arte e prácticas críticas.</p> <p><b>3.3</b></p> <p><b>A Postmodernidade nos Estados Unidos.</b></p> <p>Apropiación e simulación. Neoexpresionismo e graffiti. A súa repercusión en España</p> <p><b>3.4</b></p> <p><b>Dende os 80 ata hoxe.</b></p> <p>A crítica americana. A revista October. Rosalind Krauss e Hal Foster. Os Estudos Culturais.</p> <p>Neogeo. Neobarroco. Arte e activismo. O corpo como lugar de prácticas artísticas. Políticas de identidade de xénero, sexo e raza. O discurso descolonizador. As técnicas e procesos contemporáneos de expansión do concepto de escultura (performance, fotografía, vídeo, instalación ...).</p>	<p>33 %</p>
---	--	-------------

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións maxistras	40		30
Estudo autónomo		20	20
Traballo tutelado/Exposicións	6	20	30
Estudos de caso, debates e outras actividades	8	6	20
<b>Total</b>	<b>54</b>	<b>46</b>	<b>100</b>



### METODOLOXIA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistras	Mostra e interrelación da información que forma as bases teóricas da disciplina para a adquisición do coñecemento, sobre a que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas, como literatura científica e titorías didácticas.
Traballos tutelados	Realización traballos individuais sobre patrimonio cultural-artístico:  Un traballo de autor e movementos plásticos( biografía artística ou comentario de texto) : tema escollido polo alumnado de unha listaxe previa, facilitada polo profesor, con orientación proporcionada polo mesmo.  Análise de obras: escollidas polo profesor, con orientación e ferramentas proporcionadas polo mesmo.
Debates, estudos de casos e outras actividades	Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) a partir da lectura de artigos científicos, libros relacionados ou novas de prensa escrita/dixital.  Exercicios de comentario e reflexión, de forma individual ou cooperativa, a determinar polo docente;  Outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas.

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Proba escrita final  Avaliación dos coñecementos adquiridos ao longo do curso mediante proba escrita. Duración: dúas horas  Constará de dúas partes: a) Identificación, comentario e análise de diversos traballos propostos. 60% b) Responde a unha ou varias preguntas relacionadas co contido do tema, comentario e análise de textos, etc. 40%	O dominio da linguaxe escrita, a terminoloxía e os criterios científicos da materia son esenciais para superar a proba.  - demostrar mediante a práctica a consulta da bibliografía recomendada  -Demostrar a asimilación dos principais movementos e procesos culturais que inflúen na arte moderna e contemporánea  -Demostrar unha comprensión razoada e un xuízo crítico ao relacionar manifestacións artísticas co contexto histórico, social e cultural en que se produciron.	60 %
Traballos tutelados	Valorarase o rigor metodolóxico, a corrección formal, a calidade da presentación, a claridade expositiva, a difusión de coñecemento relevante e a capacidade de síntese.  Procurarase a presentación na aula	25 %
Outras actividades orais ou escritas	Sentido crítico e analítico, claridade	15 %



expositiva e argumentativa.  
Participación a partir de argumentos  
razoados, diferenciando a opinión do  
xuízo crítico.

#### OUTROS COMENTARIOS SOBRE MEDIDAS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

A asistencia é obrigatoria. A cualificación dos estudantes non depende só dos exames, senón que se obtén mediante avaliación continua. En caso de non asistir, os estudantes non poderán ser avaliados a través das actividades e probas realizadas durante o curso e deben someterse a exames teóricos e prácticos.

A convocatoria ordinaria consistirá na realización de probas teóricas e prácticas nas que se comentarán e analizarán 5 ou 10 obras pertencentes aos períodos e temas presentes na guía docente da disciplina (parte A da proba. Pondera o 60% da nota final) e a resposta a preguntas ou comentario de texto relacionado cos contidos vistos ao longo do curso ou que forman parte desta guía docente ( parte B da proba. Pondera nun 40% na nota final). Esta ponderación non se aplicará se a puntuación de cada parte non acada un mínimo de 4. Cualificación final = nota proba escrita final x 0,60 + nota traballos tutelados x 0,25 + nota outras actividades orais ou escritas x 0,15].

Para aqueles estudantes que non asisten regularmente ás clases (a este respecto aplicarase o establecido na normativa vixente), a cualificación das probas escritas (teóricas ou prácticas) da convocatoria ordinaria será do 100% da nota final.

Na convocatoria extraordinaria procederase dun xeito similar

Todos os estudantes terán dereito a dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria. As datas de finalización serán sinaladas polo xefe de estudos no calendario do curso.

#### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso a través de tutorías presenciais e a través do correo electrónico.

Utilizarase a plataforma DROPBOX onde o alumnado poderá atopar os exercicios e a relación de recursos bibliográficos necesarios para o correcto seguimento do curso.

#### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

##### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- . AZCÁRATE RISTORI, J. M.; PÉREZ SÁNCHEZ, A. E. e RAMÍREZ, J. A. *Historia del arte.* Anaya, Barcelona, 1995
- . BOZAL,V.: *Pintura y escultura españolas del siglo XX (1900-1939)*. Summa Artis, Vol. XXXVI. Espasa Calpe, Madrid, 1992
- . BOZAL,V.: *Pintura y escultura españolas del siglo XX (1939-1990)*. Summa Artis, Vol. XXXVII. Espasa Calpe, Madrid, 1992.
- . CALINESCU, Matei. *Cinco caras de la modernidad*, Tecnos, Madrid, 1991
- . FOSTER, H. (ed.). *La posmodernidad*, Barcelona, Kairós, 1985
- . FOSTER, Hal et al. *Arte desde 1900. Modernidad, Antimodernidad, Postmodernidad*, Akal. Madrid, 2006
- . GÓMEZ-MORENO, M.E.: *Pintura y escultura españolas del siglo XIX*. (1993). Summa Artis, Vol. XXXV\*. Espasa Calpe, Madrid.
- . GUASCH, A.M. *El arte último del siglo XX. Del posminimalismo a lo multicultural*. (2000). Alianza Forma, Madrid
- . VV AA. *Historia del Arte Gallego*. (1982). Ediciones Alambra, Madrid.
- . VV.AA. *Arte contemporáneo I*. Galicia Arte. (1993) Hércules Ediciones, A Coruña.



- . VV.AA. *Arte contemporáneo*. Galicia Arte. (1993) Hércules Ediciones, A Coruña.
- . VV.AA. *Artistas Galegos. Pintores*. Nova Galicia Edicións, Vigo. Colección.
- . MARCHÁN FIZ, S. *Del arte objetual al arte de concepto. Epílogo sobre la sensibilidad postmoderna*. Akal, Madrid, 2001

#### **BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:**

- . BOZAL, Valeriano. (ed.), *Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas*. 2 vols. Madrid, Visor, 1996
- . COMBALÍA, Victoria. et al. *El descrédito de las vanguardias artísticas*. Blume, Barcelona 1980.
- . DEBRAY, Régis. *Vida y muerte de la imagen. Historia de la mirada en Occidente*, Paidós comunicación, Barcelona, 1994
- . GOMBRICH, E. H. *Arte e Ilusión. Estudio sobre la psicología de la representación pictórica*. Debate, Madrid, 2002
- . GOMBRICH, E. H. *La historia del arte*. Phaidon Press Ltd. 2008
- . GUASCH, Anna Maria. *El arte del siglo XX en sus exposiciones: 1945-1995*. Barcelona: Ediciones del Serbal, 1997.
- . HONOUR, H. e FLEMING, J. *Historia mundial del arte*. Akal, Madrid, 2004
- . KRAUSS, Rosalind. *La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos*, Alianza Forma, Madrid, 1996
- . LIPPARD, Lucy R. *Seis años: La desmaterialización del objeto artístico, de 1966 a 1972*. Akal. Madrid, 2004
- . LUCIE-SMITH, E. *Artes visuales en el siglo XX*. (2000). Könemann, Colonia, 2000.
- . LYOTARD, Jean-François. *La condición postmoderna: Informe sobre el saber*, Cátedra. Madrid, 1984.
- . LYOTARD, Jean-François. *La posmodernidad explicada a los niños*, Gedisa Barcelona, 1994.
- . RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 3. La edad moderna*. Alianza, Madrid, 1996
- . RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 4. El mundo contemporáneo*. Alianza, Madrid, 1996
- . SUBIRATS, Eduardo. *Linterna mágica, vanguardia, media y cultura tardomoderna*, Siruela, Madrid, 1997.

#### **OBSERVACIONES**

. A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con parte da bibliografía recomendada.